

## TERMINAL DE AUTOBUSES E APARCADOIRO SUBTERRÁNEO INTEGRADOS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE OURENSE



A terminal de autobuses integrada na nova estación intermodal de Ourense é unha operación promovida pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a través da Dirección Xeral de Mobilidade e **cofinanciada pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020**, dentro do obxectivo temático OT4 "Conseguir unha economía máis limpa e sostible".

A actuación desenvolvida consiste na execución dunha nova estación de autobuses en terreos anexos á actual estación de ferrocarril de Ourense de maneira que ambas estacións xuntas conformen unha estación intermodal que integre o transporte público de viaxeiros en autobús con transporte público de viaxeiros en ferrocarril na cidade de Ourense.



Os obxectivos perseguidos con do conxunto da actuación intermodal son:

- Promover a utilización do transporte público e a mobilidade sostible, mediante a execución dunha estación intermodal en Ourense que poña ao dispor do usuario a posibilidade de combinar diferentes modos de transporte público (ferrocarril e autobús) dunha maneira rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico.
- Mellorar a permeabilidade transversal da cidade na contorna da estación de ferrocarril de Ourense.
- Dotar á estación ferroviaria de Ourense das instalacións coa capacidade e condicións necesarias para a chegada da alta velocidade a Galicia.

A actuación foi tramitada segundo o disposto na **Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, da Comunidade Autónoma de Galicia**.

**Actuacións desenvolvidas no marco desta operación:**

A operación foi iniciada en agosto de 2015 coa contratación dos Estudos previos para a construción da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Ourense.

O obxecto deste estudo era realizar unha avaliación inicial, por unha banda, da situación actual do transporte interurbano e das futuras demandas que xerará a futura estación intermodal.

O 22 de xuño de 2016 asinouse un Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Ourense e a Entidade Pública Empresarial ADIF Alta Velocidade, para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Ourense e a súa contorna urbana.

A partir dos estudos realizados, a Xunta de Galicia, no marco desta operación **cofinanciada nun 80% con fondos europeos do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020** executou os seguintes contratos:

- Contrato de servizo para a redacción dos proxectos básicos e de execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Ourense.
- Contrato de servizo para a redacción do proxecto público de urxencia ou excepcional interese da estación intermodal de Ourense.
- Contrato de obra para a execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Ourense.
- Contrato de servizo de dirección de obra da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Ourense.
- Contrato de servizo de dirección de execución de obra e coordinación de seguridade e saúde para a execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Ourense.



### Características técnicas da estación de autobuses

- 16 dársenas de autobuses
- 10 liñas nacionais e internacionais
- 102 liñas autonómicas
- Edificio de viaxeiros: 700 m<sup>2</sup>

As obras da terminal de autobuses foron **iniciadas en setembro de 2018 e rematadas en xaneiro de 2021.**

Ademais, a Xunta de Galicia no marco do Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Ourense e ADIF Alta Velocidad, para a financiación e execución das obras do aparcadoiro para turismos da futura estación intermodal de Ourense, asinado 5 de outubro de 2018, redactou o Proxecto para este aparcadoiro subterráneo.



O aparcadoiro conta con 8.500 m<sup>2</sup> de superficie construída, repartidos en 2 plantas para un total de 300 prazas.

A obra foi executada por ADIF Alta Velocidad entre marzo de 2019 e xullo de 2021 e foi financiada nun 67% pola Xunta de Galicia.

O custo total das actuacións está próximo aos **12,2 M€**, dos que a **Xunta de Galicia achegou 9,1 M€**, dos cales **3,1 M€ proceden dos fondos FEDER Galicia 14-20.**

**O 29 de xaneiro do 2021 iniciouse a explotación da nova terminal de e en xullo de 2021 entrou en servizo o aparcadoiro subterráneo.**

O conxunto intermodal completárase coa construción, por parte de ADIF Alta Velocidad da nova pasarela peonil de conexión e a cubrición das vías de entrada á estación.

